

**LITERATURA UNIVERSAL**

1. Breve panorama das literaturas antigas chinesa, da India e hebrea. [3 puntos]
2. Escriba aproximadamente un folio sobre a obra da Ilustración ou do Romanticismo que leu, explicando o seus temas máis importantes, personaxes, tempos, espazos e estilo. Anote exemplos concretos dos textos. [3 puntos]
3. Redacte a súa opinión persoal e razoada sobre a importancia LITERARIA e transcendencia da obra que elixise como lectura do século XX. [3 puntos]
4. Case correctamente estes datos e redacte dez textos breves con eles [1 punto]:

| AUTOR/A        | PAÍS DE NACEMENTO | OBRA                    | XÉNERO, TEMA, ESPAZO, PERSONAXES...                            |
|----------------|-------------------|-------------------------|--|
| V. Woolf       | Francia           | <i>Fausto</i>           | Poema épico.   |
| T. Mann        | Alemaña           | <i>Madame Bovary</i>    | Un deles é “O gato negro”.                                     |
| F. Dostoievski | Francia           | <i>Crime e castigo</i>  | Pacto co demo.   |
| W. Goethe      | USA               | <i>A cantante calva</i> | Narra a estadía do seu protagonista nun sanatorio en Suíza.    |
| G. Flaubert    | Portugal          | <i>Fin de viaxe</i>     | Na cidade de Orán.   |
| A. Camus       | Alemaña           | <i>Ulises</i>           | Un estudante sumido na pobreza recorre a unha prestamista e... |
| E. Ionesco     | Gran Bretaña      | <i>A peste</i>          | Emma abúrrese nunha pequena cidade de provincias.              |
| L. de Camões   | Rusia             | <i>Contos de terror</i> | Sátira social protagonizada por C. Dalloway.                   |
| E. A. Poe      | Romanía           | <i>A montaña máxica</i> | O seu protagonista é Leopoldo Bloom.                           |
| J. Joyce       | Irlanda           | <i>Os Lusíadas</i>      | Teatro do absurdo.   |

**LITERATURA UNIVERSAL**

1. Breve panorama de las literaturas antiguas china, de India y hebrea. [3 puntos]
2. Escriba aproximadamente un folio sobre la obra de la Ilustración o del Romanticismo que haya leído, explicando sus temas más importantes, personajes, tiempos, espacios y estilo. Anote ejemplos concretos de los textos. [3 puntos]
3. Redacte su opinión personal y razonada sobre la importancia LITERARIA y la trascendencia de la obra que haya elegido como lectura del siglo XX. [3 puntos]
4. Case adecuadamente estos datos y redacte diez textos breves con ellos [1 punto]:

| AUTOR/A        | PAÍS DE NACIMIENTO | OBRA                     | GÉNERO, TEMA, ESPACIO, PERSONAJES...                              |
|----------------|--------------------|--------------------------|---|
| V. Woolf       | Francia            | <i>Fausto</i>            | Poema épico.  |
| T. Mann        | Alemania           | <i>Madame Bovary</i>     | Uno de ellos es “El gato negro”.                                  |
| F. Dostoievski | Francia            | <i>Crimen y castigo</i>  | Pacto con el demonio.   |
| W. Goethe      | USA                | <i>La cantante calva</i> | Narra la estancia de su protagonista en un sanatorio en Suiza.    |
| G. Flaubert    | Portugal           | <i>Fin de viaje</i>      | En la ciudad de Orán.   |
| A. Camus       | Alemania           | <i>Ulises</i>            | Un estudiante sumido en la pobreza recurre a una prestamista y... |
| E. Ionesco     | Gran Bretaña       | <i>La peste</i>          | Emma se aburre en una pequeña ciudad de provincias.               |
| L. de Camões   | Rusia              | <i>Cuentos de terror</i> | Sátira social protagonizada por C. Dalloway.                      |
| E. A. Poe      | Rumanía            | <i>La montaña mágica</i> | Su protagonista es L. Bloom.                                      |
| J. Joyce       | Irlanda            | <i>Los Lusíadas</i>      | Teatro del absurdo.   |

**CRITERIOS AVALIACIÓN LITERATURA UNIVERSAL****1. Breve panorama das literaturas antigas chinesa, da India e hebrea. [3 puntos]**

Débese explicar a cronoloxía mínima destas literaturas para encadrar nelas os seus principais fitos. No caso da india, haberá que mencionar a literatura védica (samhita, brahmana, upanisha e vedanta) e a posvédica, cos textos épicos, líricos, teatrais e narrativos máis salientables. Canto a literatura chinesa, será preciso falar dos escritos máis antigos de Lao-Tse e Confucio, e mencionar os fitos relevantes no teatro, a lírica e a narrativa. Da literatura xerada polos hebreos haberá que diferenciar os textos bíblicos esenciais (do Antigo e do Novo Testamento) da literatura non bíblica, e facer fincapé na literatura hebraica de Al-Andalus.

**2. Escriba aproximadamente un folio sobre a obra da Ilustración ou do Romanticismo que leu, explicando o seus temas máis importantes, personaxes, tempos, espacios e estilo. Anote exemplos concretos dos textos. [3 puntos]**

Debe escollerse unha obra do período proposto: a prosa ilustrada (Voltaire, Diderot, Montesquieu, Madame de Staël, Chateaubriand); a novela inglesa e a europea (Daniel Defoe, Jonathan Swift, Laurence Sterne; Voltaire; Puskin, Manzoni); a conciencia histórica e o novo sentido da ciencia do Romanticismo (Rousseau, Goethe); os románticos (Goethe, Schiller, Heine, Lamartine, Vigny, Musset, Victor Hugo, Leopardi, Pushkin, A. de Quental, Austen, Byron, Shelley, Keats, Tennyson, Browning); a novela histórica (W. Scott).

Do título elixido explicarase a caracterización dos personaxes, o tempo, o espacio, as características da voz narrativa ou lírica, o estilo do texto, o conflito que desenrola e o seu tema central, ademais da importancia desta obra no seu contexto literario e a relevancia da mesma na literatura universal. É importante, como se pide no enunciado da pregunta, anotar exemplos concretos do texto. **O resumo da obra en cuestión non é avaliable.**

**3. Redacte a súa opinión persoal e razoada sobre a importancia LITERARIA e transcendencia da obra que elixise como lectura do século XX. [3 puntos]**

A opinión persoal debe ser razoada e sustentarse en criterios ESTÉTICOS, non en impresións subxectivas ou valoracións extraliterarias. Non se trata de valorar se a obra elixida é boa ou mala ou se cumpre ou non as expectativas de quen a leu. Trátase de expresar, con argumentos literarios, a importancia desa obra no conxunto da literatura e na literatura da lingua á que pertence, así como de comentar en que medida beben dela outras obras doutros tempos, doutros países ou doutros xéneros.

**4. Case correctamente estes datos e redacte dez textos breves con eles. [1 punto]**

É necesario casar os datos das catro columnas para redactar os dez textos que se solicitan. Cada un deles computará 0,1 puntos se todos os catro datos que o compoñen son correctos.

En todas as preguntas é necesario demostrar corrección **lingüística** e **ortográfica**. As faltas de ortografía, de acentuación, de puntuación e de expresión, así como as construcións sintácticas alleas (galicismos, lusismos...) baixarán a nota final do exame.

Debe recordarse que este é un exame de LITERATURA. O estudo da literatura debe centrarse no texto: análise das accións que se perfilan cos temas e motivos dos mesmos, personaxes, tempos, espazos, estilos... nunhas determinadas coordenadas e contextos (autorais, culturais e estéticos) e cun determinado fin. Non será avaliable, pois, o resumo das obras nin as digresións persoais.